



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Adjudicación contrato de obra de " Sinalización das parroquias de Tui e os seus lugares".**

1º.- Vista resolución de Alcaldía de 7 de decembro 2017, que RESOLVE:

"PRIMEIRO.- Prestar conformidade aos pronunciamentos da Mesa de Contratación de data 4 de decembro de 2017, no senso de:

1º.-Excluir a seguinte empresa requiridas para determinar se a oferta presentada incorría en baixa temeraria e podía ser considerada en baixa anormal ou desproporcionada de conformidade co artigo 152.3 do TRLCSP, e que non aportou ningunha documentación xustificativa da valoración da oferta no prazo concedido:

\*-Lacroix Señalización, S.A.

2º.-Excluir as seguintes empresas por considerar que están incursas en baixa temeraria ao non xustificar a valoración da oferta, de conformidade co disposto no artigo 152.3 do TRLCSP, de acordo coa motivación que se expresa no referido informe emitido polo técnico municipal e transcrito anteriormente.

- Señalizaciones Villar, S.A.
- Pascual y Villar, S.A.
- Serovial, S.L.

3º.-Admitir definitivamente a proposta económica do resto das empresas presentadas á licitación:

<b>EMPRESAS</b>
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.
IMESAPI, S.A.
ECOCIVIL ELECTROMUR GE, S.L.
HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK (HIEZ), S.A.
VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIÓ, S.A.
API MOVILIDAD, S.A.
TRAFIURBE, S.A. - Comercio e Industria de Máquinas para Sinalizaçao, S.A
PROSEÑAL, S.L.
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SL
DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.
NAROM, SL
SERGONSA SERVICIOS, SL
SEÑALIZACIONES Y BALI-ZAMIENTOS DE GALICIA, SA
SESTRAMA-09, SL
BRICANTEL ESPAÑA, SL

4º.-Outorgar pola Mesa de Contratación as ofertas admitidas á licitación as seguintes puntuación:

EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN REDUCCION PRAZO	PUNTUACIÓN INCREMENTO GARANTÍA	PUNTOS TOTALES
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	27,51	40,00	10,00	77,51
IMESAPI, S.A.	42,90	40,00	10,00	92,90
ECOCIVIL ELECTROMUR GE, S.L.	36,47	40,00	10,00	86,47
HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK (HIEZ), S.A.	40,77	40,00	10,00	90,77
VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIÓ, S.A.	38,69	40,00	10,00	88,69

**EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

API MOVILIDAD, S.A.	45,01	40,00	10,00	95,01
TRAFIURBE, S.A. - Comercio e Industria de Máquinas para Sinalizaçao, S.A	34,54	40,00	10,00	84,54
PROSEÑAL, S.L.	31,80	40,00	10,00	81,80
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SL	20,21	0,00	10,00	30,21
DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.	50,00	0,00	10,00	60,00
NAROM, SL	28,63	40,00	10,00	78,63
SERGONSA SERVICIOS, SL	34,45	40,00	10,00	84,45
SEÑALIZACIONES Y BALI-ZAMIENTOS DE GALICIA, SA	36,59	0,00	10,00	46,59
SESTRAMA-09, SL	30,90	0,00	10,00	40,90
BRICANTEL ESPAÑA, SL	33,86	0,00	0,00	33,86

5º.-Clasificar do seguinte xeito as proposicións presentadas, dacordo coa suma total das valoracións dos criterios recollidos no sobre b) da que resulta a seguinte puntuación total:

EMPRESA	Puntuación Total
API MOVILIDAD, S.A.	95,01
IMESAPI, S.A.	92,90
HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK (HIEZ), S.A.	90,77
VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIÓ, S.A.	88,69
ECOCIVIL ELECTROMUR GE, S.L.	86,47
TRAFIURBE, S.A. - Comercio e Industria de Máquinas para Sinalizaçao, S.A	84,54
SERGONSA SERVICIOS, SL	84,45
PROSEÑAL, S.L.	81,80
NAROM, SL	78,63
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	77,51
DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.	60,00
SEÑALIZACIONES Y BALI-ZAMIENTOS DE GALICIA, SA	46,59
SESTRAMA-09, SL	40,90
BRICANTEL ESPAÑA, SL	33,86
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SL	30,21

6º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa "API MOVILIDAD, S.A.", NIF nº A-78015880, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Avda. Manteras, nº 26, cp 28050- Madrid, o que se eleva ao órgano de contratación."

SEGUNDO.- Aos efectos do artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e 14/2013 de 27 de setembro:

**REQUIRIR** á empresa "API MOVILIDAD, S.A.", NIF nº A-78015880, con enderezo en Avda. Manteras, nº 26, 28050-Madrid, como licitador que presentou a oferta máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de obra de "Sinalización das parroquias de Tui e os seus lugares" que, de conformidade co artigo 151 do TRLCSP e Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, presente a seguinte documentación xustificativa:



- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Tui, ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación dos mesmos, de dispoñer efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme á lexislación vixente.
- Ter constituído a garantía definitiva correspondente ao 5% do importe de adxudicación, excluído IVE.
- Presentar a xustificación acreditativa dos requisitos indicados na licitación, sobre A "Documentación administrativa", aspectos que se fan constar na cláusula 16ª do prego de cláusulas administrativas aprobado.

*(Os correspondentes certificados poderán expedirse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos).*

Dado que o licitador proposto está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas co número 3236, os datos que aparezan no referido certificado acreditativos dos aspectos contemplados no art. 328 do TRLCSP, estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos; todo de conformidade co indicado na cláusula 16ª do prego de condicións administrativas.

**TERCEIRO.-** O prazo de presentación da documentación requirida ao licitador proposto será de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte da recepción do presente requirimento.

**CUARTO.-** Dar conta da presente resolución aos interesados, á Xunta de Goberno Local e ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre."

**2º.-** Emítese notificación de acordo anterior a tódolos licitadores presentados así como requirimento de presentación de documentación á empresa "API MOVILIDAD, S.A.", CIF A78015880, como licitador que presentou oferta economicamente máis vantaxosa.

**3º.-** Con data 15/12/2017, R.E. nº 11436, se presenta pola empresa API MOVILIDAD, S.A., a documentación requirida e aval bancario aos efectos de garantía definitiva do contrato.

Vista proposta de adxudicación emitida pola Alcaldía, de data 19 de decembro 2017, así como informes emitidos, e do informe da Intervención Municipal correspondente á fiscalización previa á autorización de gasto con referencia desf. 51/2017, esta Alcaldía, avogando as competencias delegadas en Xunta de Goberno Local para este asunto en concreto, resolución de 19/10/2017, RESOLVE :

**Primeiro.-** O levantamento do reparo interposto pola Intervención Municipal en informe procedente de fiscalización en fase A, con referencia desf. 51/2017.

**Segundo.-** Adxudicar á empresa " API MOVILIDAD, S.A.", CIF A78015880, con enderezo en Avda. Manoteras, 26, 28050 Madrid, correo electrónico: carias@imesapi.es, o contrato de obra "Sinalización das parroquias de Tui e os seus lugares", polo prezo ofertado total de 75.181,29€ (Base: 62.133,30€ IVE 21%: 13.047,99 €) de conformidade coa proposta económica presentada e con suxeición ao



proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, incluíndo as seguintes melloras ofertadas:

- Redución do prazo de execución de obra: 2 meses, quedando o prazo de execución da obra en UN MES.
- Incremento do prazo de garantía: 4 anos, facendo un total de 5 anos de prazo de garantía do contrato.

**Terceiro.-** Aos efectos de formalización de contrato, de conformidade coa lexislación vixente e conforme co art. 156 do TRLCSP a súa sinatura será no prazo máximo de oito días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación.

**Cuarto.-** De conformidade co estipulado no art. 154 do TRLCSP deberase notificar ós candidatos ou licitadores o referido acordo. Así mesmo, a formalización dos contratos cunha contía igual ou superior ás cantidades indicadas no art. 138.3 do TRLCSP publicaranse no Perfil do Contratante da páxina web do concello ([www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)). Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros, deberá publicarse ademais no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 158.2 do TRLCSP.

**Quinto.-** O adxudicatario, a partir da data de notificación de adxudicación do contrato e antes da súa formalización, e de conformidade co establecido na cláusula 26ª do prego de condicións administrativo aprobado, deberá proceder ao ingreso correspondente ao importe do anuncio de licitación no boletín oficial que corresponda, polo importe de 164,30€, a ingresar na conta do concello número IBANES5120805446733040100491. Para a sinatura do contrato deberá presentar xustificante do pagamento do referido importe.

**Sexto.-** Dar traslado da resolución aos departamentos de Secretaría, Intervención, así como á Xunta de Goberno Local e Pleno da Corporación na vindeira sesión que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, Carlos Vázquez Padín, en Tui.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.